

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

*RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2022 pola que se dá publicidade dos cambios producidos na Orde do 16 de setembro de 2022 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2023, de acordo co disposto no artigo 6.2 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.*

De acordo co disposto no artigo 6.2 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, dáse publicidade aos cambios producidos na Orde do 16 de setembro de 2022 como consecuencia da Resolución do 17 de novembro de 2022 pola que se modifican os domingos e días festivos hábiles comercialmente para o concello de Culleredo, logo da correspondente solicitude do dito concello.

Os domingos e festivos nos cales os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público no concello de Culleredo durante o ano 2023 son:

- 6 de abril.
- 25 de xuño.
- 24 de xullo.
- 26 de novembro.
- 3 de decembro.
- 8 de decembro.
- 10 de decembro.
- 17 de decembro.
- 24 de decembro.
- 31 de decembro.



Para os restantes concellos comprendidos no ámbito de aplicación da devandita Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, rexerá o disposto na Orde do 16 de setembro de 2022 (DOG núm. 191, do 6 de outubro).

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

P.D. (Orde do 21.3.2022; DOG núm. 63, do 31 de marzo)

Pablo Casal Espido

Secretario xeral técnico da Vicepresidencia Primeira  
e Consellería de Economía, Industria e Innovación

